



## RESOLUCIÓN DE LA ALCALDIA

**Sr. Alcalde Presidente**

**D. Alberto Varela Paz**

Visto o expediente incoado para a contratación mediante procedemento aberto simplificado, con tramitación ordinaria, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público para adxudicar o contrato denominado “SERVIZOS PIROTÉCNICOS PARA AS FESTAS DE SAN ROQUE 2022”, cofinanciando a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 o denominado “Combate Naval”.

O prego de cláusulas administrativas correspondente foi elaborado de conformidade co establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 214/23/UE e 214/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sendo emitidos informes pola Secretaria Xeral Acctal. e a Interventora Municipal, en data 09 de xuño de 2022 respectivamente.

Tendo en conta que o expediente de contratación foi completado, de acordo cos artigos 117.1 e 122 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e o disposto polo artigo 21 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local,

### RESOLVO

1. Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado, con tramitación ordinaria, para a adxudicación do contrato denominado “SERVIZOS PIROTÉCNICOS PARA AS FESTAS DE SAN ROQUE 2022”, cofinanciando a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 o denominado “Combate Naval”.

2. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato.

3. Autorizar o gasto por un importe de 42.183,02 € (corenta e dous mil cento oitenta e tres euros con dous céntimos), con cargo o aplicación orzamentaria 338-22699 do vixente orzamento municipal coa seguinte distribución:

Aplicación orzamentaria	2022	Total
338-22699	42.183,02 €	42.183,02

4.- Dispoñer da apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, a través dos servizos de licitación da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde, á data da sinatura electrónica.

